



a **Movida**
go

sementar
e recoller tradición

LÉVAME!
VOU CONTIGO


AXENDA CULTURAL DE VIGO
DE BALDE - MAIO - 2025

a *Movida*
go

7 ANOS DE XORNALISMO CULTURAL INDEPENDENTE


Axúdanos a seguir medrando, subscríbete!






SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




BOTÓNS

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...




ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).



BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



LIGAZÓNS

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.



PÁX. 7
**SU GARRIDO
E AS VECIÑAS
DE TRASPIELAS**



PÁX. 9
**SEMENTAR
E RECOLLER
TRADICIÓN**

Nuria Díaz

- 5 ADOLFINA
SOMOS TODAS**
- 6 OLLO AO DATO**
- 6 TRAZO INDUSTRIAL**
- 6 CUNQUEIRO EN SAMIL**
- 12 A COCIÑAR:
ARROZ CON LEITE**
- 13 OUTRAS MOVIDAS**
- 15 LOCAIS RECOMENDADOS**
- 17 EDITORIAL GALAXIA:
75 ANOS CREANDO...**
- 21 DELEITE LITERARIO**
- 22 CAMPAMENTOS
DE VERÁN**
- 23 AXENDA A MOVIDIÑA**
- 25 MÚSICA AO VIVO**
- 27 IMPERDIBLES**
- 28 AS TÚAS MOVIDAS**



PÁX. 11
**DA GRANXA
AO CORNETE**



PÁX. 19
ORGULLO BRAVO

Subscríbete ao boletín de WhatsApp: [644 37 29 23](https://www.644372923.com)

Se queres recibir a revista na casa e apoiar a cultura en Vigo, subscríbete na web: amovida.gal/subscricion-revista

MOVÉMONOS POLA CULTURA EN VIGO



Revista **A Movida** → Volume 8 (4), maio de 2025 [66]

Edición: Tamara Novoa → **Redacción:** Paula Cermeño, Marina F. Vigo, Tensi Gesteira, Estela Gómez, Xurxo Martínez González, Pablo Vázquez Varela → **Fotografía:** Paula Cermeño e Pablo Vázquez → **Deseño e maquetaxe:** Rubén González → **Deseño web:** Beatriz Barros → **Mercadotecnia:** Cecilia Vázquez → **Revisión de textos:** Bea Fariñas

Edita: A Movida Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. → Depósito legal: VG 741-2018 → Exemplar gratuito. Prohibida a súa venda

@amovidavigo → amovida.gal

ADOLFINA

SOMOS TODAS

Anda o mundo do folclore revolucionado coas Letras Galegas deste ano. Por se alguén non o sabe, neste 2025 dedícanse á poesía popular oral; é dicir, a aquelas formas literarias propias do pobo que foron creadas, reinventadas e transmitidas oralmente. E como a RAG é de poñerlle nome propio ao día das Letras, decidíu personificar esta homenaxe en **Adolfina e Rosa Casás Rama**, de Cerceda; **Eva Castiñeira Santos**, de Muxía; e **Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda**, integrantes das pandeireteiras de Mens.

Porén, non hai que esquecer que a poesía popular oral é enorme: son os romances, son os cantos de traballo e, si, tamén as xotas e as muiñeiras. Estamos falando dun xénero literario que ten a inestimable capacidade da supervivencia a través dos séculos pola súa habilidade para irse adaptando a todos os contextos posibles, e tamén pola facilidade de representar verdades grandes e pequenas, concretas e universais, en estrofas de catro ou tres versos. Así que lembrede, as Letras deste ano non son só de Adolfina, Rosa, Eva, Manuela, Teresa e Prudencia: son de todas nós, como elementos activos da transmisión oral. A poesía popular oral é, nin máis nin menos, o noso patrimonio como pobo e a nosa responsabilidade como sociedade.



Marina Fdez. Vigo

Gaiteira e docente de música tradicional

EN SAN MIGUEL DE OIA andan xa a pensar na Romaría dos Liñares, que se celebra en setembro, e o primeiro día deste mes xuntan a veciñanza para adornar un maio. Habará música ao vivo, xogos tradicionais e xantar popular.


A ASOCIACIÓN AS DA INDUSTRIA convoca a toda a cidadanía a participar nunha gran foliada o venres 16 a partir das 18:00 horas na praza da Industria. Só fai falta levar o instrumento e ganas de cantar e bailar para homenaxear a todas esas mulleres que conservaron e transmitiron a nosa tradición oral.



TRAZO INDUSTRIAL

por Newt

Hoxe falamos dunha compañía creada por un empresario italiano que comercializaba marcas como Antipasto Stella d'Italia, Arc de Triomphe, Les Rois Mages, Notre Dame, L'Opéra, Colisée ou Pegaso.



Sabedes cal é?... Estivo situada na rúa de Jacinto Benavente.



por Xurxo Martínez González

CUNQUEIRO EN SAMIL

A volta dunar de Samil supón a restauración da memoria orográfica. Benvida sexa.

Antes O Vao desfixérase de mamotretos impostados malia os terribles augures. Pouco queda pra recuperarmos tamén Toralla. Ou tal me gustaría.

Días atrás estiven neste areal de riqueza toponímica: o Cocho das Dornas, o Penedo da Londra, a Pedra do Mel, Tombo do Gato... Feliz patrimonio lingüístico! Abril coroume con estes nomes por derriba das árbores en flor, e veu a primavera. Festa da vida en chafariz de cores vivas e frescas. Os maios saíran en vilas coma Redondela ou Ribadavia. As formas cónicas ou as cruces feitas con paus, ovos, fiúncho, mirto... e veñan as coplas con retranca! **Cunqueiro** amaba este tempo: «Temos a verba, amor, para dicir: abril / Sob as súas azas frolecerán os días». O seu rostro figuróuseme en Samil. Minto, pois foi un pardal, ou acaso loia, quen me trouxo a súa voz no pico. Deille as grazas en idioma común hoxe expulso dos estudos romanísticos. A fala do mindoniense dicía: «Se de min algún día, despois de morto, se quixese facer un eloxio, e eu estivese dando herba na terra nosa, podería dicir a miña lápida: "Eiquí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis"».

Era 24 de abril de 1980 no Hotel Samil. É posible lembrar pra a eternidade tan celebrado e precioso testamento? Coma se a súa voz volveuse co emerxer das dunas e no fondo as Cíes de **Lugrís**, vellos amigos.



Su Garrido e as veciñas de Traspielas

Cantareiras e pandereteiras

«CO MEU NOVO PROXECTO HOMENAXEO AS MULLERES DA MIÑA ALDEA»

ERA UNHA TARDE DE PRIMAVERA e resplandecía o sol sobre as montañas que rodean Traspielas. Ao alto desta parroquia de Fornelos de Montes chégase por unha estrada estreita que tardou en construírse: Unha fotografía que pendura das paredes da taberna desta aldea recolle a alegría da veciñanza ao cortar a cinta o día que se inaugurou, hai agora cincuenta anos. Recibían con ledicia o progreso sen saberen que aquel illamento servira para salvargardar a nosa tradición. Esta estrada de curvas e reviravoltas percorríaa cada fin de semana **Su Garrido Pombo** (Vigo, 1982) no coche dos seus pais, que coa industrialización marcharan para Vigo a traballar. Ao igual que Su, percorremos ese camiño que cada venres transitaron e aínda transitan milleiros de vigueuses, que volven o domingo co maletreiro a rebentar. Na casa familiar recibenos xunto á súa nai **Luz**, a avoa **Leonora** e as amigas **Arcendina, Pilar, Aurora** e **Lola**.

Ata os tres anos, Su criouse coa avoa Leonora en Traspielas mentres os pais traballaban en Vigo. Ao comezar no colexio, subía para a aldea nas fins de semana e nas vacacións: «Recordo estar a xogar por aquí cos outros nenos en canto as mulleres traballaban. Levabámoslles a menda e auga da fonte.» Explican estas veciñas que o traballo era colectivo: un día traballábase a veiga dunha e, ao día seguinte, a doutra. Así se fixera sempre. «Traballabamos moito, pero tamén nos divertíamos», sinala Pilar. Desde o día de Santos ata o martes de Entroido, en Traspielas celebraban seráns todos os martes, xoves e sábados e mais algún domingo. A festa facíana ao solpor na casa da obra, ao carón da

igreja, se o cura lles daba a chave. Cando non era así, a corte dalgún veciño servía como alternativa. Todas as compañeiras participaban da festa, formaban grupos e repartíanse en quen-das; mentres unhas cantaban e tocaban, outras bailaban. «En realidade o que queríamos todas era bailar», explica Leonora, e entre risos recoñece que chamaban «mañosas» a aquelas que non aprendían a tocar para bailar sempre. No serán participaba toda a aldea: homes, nenos, persoas maiores e veciñanza chegada das parroquias lindeiras. As máis vellas aprendíanlles as coplas e o xeito de bailar ás máis novas, e así xeración tras xeración. Pero estas mulleres non eran meras transmisoras, tamén eran creadoras: facían coplas e cambiaban versos das que xa existían para adaptalas á realidade da súa aldea.

*O serán de Traspielas
faise no medio da rúa,
a noite que a el non vou
non me quenta sol nen lúa.*

Conta Aurora que, á falta de pandeireta, ensaiaban na casa cun prato de porcelana e aprendían a bailar coa súa propia sombra: «Eu e os meus irmáns poñíámonos os tres en fila fronte a unha parede, a luz dábanos por detrás e a sombra que se reflectía era o compañeiro de baile». O acceso a Traspielas era tan complicado que nin a Garda Civil sabía do que alí acontecía.

[...]

Escanea o código QR para ler a entrevista completa
en amovida.gal





Sementar e recoller tradición

ADOLFINA, ROSA, EVA, PRUDENCIA, ASUNCIÓN E MANUELA. Son os nomes das mulleres homenaxeadas polo Día das Letras Galegas este 17 de maio. Non forman ningún colectivo literario, non, nin escribiron uns deses clásicos que se len nos colexios ano tras ano. Tampouco un *bestseller* dos que acumulan máis edicións que exemplares venden a meirande parte dos libros en galego. A súa literatura, ata hai ben pouco, nin sequera estaba impresa en papel. Adolfin, Rosa, Eva, Prudencia, Asunción e Manuela tocaban e cantaban, rían e berraban, improvisaban e divertíanse. Elas, e tantas outras que están incluídas nestes nomes, non tiñan a vontade nin a presunción de faceren literatura; facíana e xa está. Moitas nin valor lle daban a algo que facían para se divertir, para laiarse de amores non correspondidos, para chorar a perda dun ser querido, para celebrar a alegría da xuventude, para facer máis levadios os labores do campo ou para rir á custa das veciñas da aldea do lado.

«**R**eina o discurso de que xa non queda xente maior que poida transmitirnos pero o patrimonio sempre é presente»

*Xulia Feixoo,
multiinstrumentista e etnomusicóloga*

Sabemos da obra destas mulleres, en parte, grazas ás recollidas: gravacións de campo realizadas principalmente por persoas alleas ao ámbito académico e con recursos limitados que facían este labor por amor á tradición e para saciaren a súa crecente curiosidade. Moitos foron

os compiladores ao longo das décadas (algúns de bastante sona como **Alan Lomax**, o **Padre Sarmiento** ou a propia **Rosalía de Castro** en *Cantares gallegos*), pero hai un nome que destaca por riba do resto: **Dorothé Schubarth**. Axudada polo profesor **Antón Santamarina**, na década dos oitenta a etnomusicóloga suíza percorreu máis de 250 vilas, recompilou case 5000 cantigas e deu voz a máis de 600 persoas, especialmente mulleres. Ese monumental traballo acabou reunido no *Cancioneiro Popular Galego*, publicado entre 1984 e 1995 en sete volumes editados pola Fundación Barrié.

[...]



Eva Castiñeira fotografada por Pablo Quintana.



«**A** recollida non se pode facer nun día, porque necesitas xerar contexto e confianza»

*Artur Puga,
bailarín e músico*

«**H**ai persoas nas foliadas que nunca chegara a pensar que estarían nese ambiente»

*Eva Fernández,
xornalista e pandereiteira*



*As Pandereiteiras de Mens.**

Escanea o código QR
para acceder á reportaxe
completa en amovida.gal



*Teresa, Prudencia, Manuela e Adela.***



*Rosa e Adolfina Casás Rama fotografadas por Dorothé Schubarth.***

*Fondo da Agrupación Folclórica Aturuxo. Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego.

**Fondo Schubarth - Santamarina. Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego.



Bico de Xeadó

Da granxa ao cornete

POLA MAÑÁ, CAFÉ, E POLA TARDE, XEADO!

Esta é a proposta da coñecida xeadaría artesanal galega, que acaba de abrir o seu terceiro establecemento en Vigo, na cobizada rúa do Príncipe, onde, ademais dos seus cremosos xeados de leite galego, tamén se serven gofres.



BICO DE XEADO naceu no seo da Cooperativa Agraria Provincial da Coruña como unha aposta por revalorizar o sector lácteo. Converteron a súa principal materia prima, o leite acabado de muxir, nesta cremosa sobremesa. Ademais de utilizaren leite galego, coidan a procedencia das demais materias primas, priorizando a compra de ingredientes de proximidade. Unha elaboración artesanal e unha materia prima de orixe natural son o seu mellor segredo para conseguir unha gran cremosidade. Entre os seus sabores máis populares atópanse a aclamada torta de queixo, o clásico chocolate, o delicioso doce de leite e o popular pistacho; os dous últimos, con receita mellorada esta tempada. Aínda que, de tanto en tanto, nos sorprenden con edicións cápsula: o sabor San Valentín, o de queixo de Arzúa con marmelo ou a proposta de Nadal foron os seus últimos grandes éxitos. Todos os seus xeados son sen glute e, ademais, ofrecen opcións para intolerantes á lactosa, como o de amorodo e o de cacahuete. Para quen prefire alternativas sen

azucre engadido, dispoñen de variedades como avelá e froitos vermello.

O seu novo local na rúa comercial terá un horario máis amplo que os anteriores para ofrecer cafés e gofres desde a mañá. Os gofres, tamén de receita propia e elaborados en poucos minutos no momento de pedilos, son sempre sen glute, sen que isto repercuta na esponxosidade nin no sabor. Podemos tomalos con nata, chocolate, doce de leite e, por suposto, unha bola de xeadó.

Este ano, Bico de Xeadó celebra o décimo aniversario da apertura da súa primeira tenda na Coruña, en 2015, un fito que subliña a súa traxectoria e o éxito no sector da xeadaría artesanal galega. Desde a marca aseguran que «o seu crecemento sostido e sostible conseguiu converter o xeadó nun bico».



→ Rúa do Príncipe, 49; C. C. Vialia:
Praza da Estación, 1, praza exterior local 4;
C. C. A Laxe: Rúa de Cánovas del Castillo, 1
→ bicodexeadó.es → [@bicodexeadó](https://www.instagram.com/bicodexeadó)



Deleite

Arroz con leite

Esta receita é tan típica como infalible. Poucas persoas poden resistirse a esta larpeirada que nos leva directas á nosa infancia.

O truco para non fallar é cociñalo a lume maino e empregar un leite galego de calidade. Todo un deleite!

INGREDIENTES

- Leite enteiro Deleite (1 litro)
- Arroz redondo (150 gramos)
- Azucre (100 gramos)
- Codia de limón (1 unidade)
- Canela (1 pau)
- Sal (1 chisco)
- Canela moída (ao gusto)

ELABORACIÓN

Lavamos o arroz con auga fría para quitarlle o amidón mentres quentamos o leite xunto coa codia do limón, o pau de canela e o sal.

Ao comezar a ferver engadimos o arroz e deixamos cociñar a lume baixo durante 45 ou 50 minutos, remexendo a miúdo. Cando pase ese tempo, engadimos o azucre, revolvemos ben e deixamos que se cociñe entre cinco e dez minutos máis, dependendo de como nos guste de espesor.

Retiramos o limón e a canela e está listo para servilo en cuncas con canela moída por enriba. É unha sobremesa que se pode servir tanto quente como fría e que mesmo podemos refrixerar na neveira para tomar ao día seguinte.



Escanea o código QR para acceder ao vídeo da receita en amovida.gal



DELEITE

Esta marca galega aposta pola calidade, o respecto ao rural e a nosa lingua. O seu leite procede exclusivamente de ganderías galegas, e a empresa paga un prezo xusto ás produtoras e produtores.

Ademais, usan etiquetas en galego e promoven a identidade cultural de Galicia. É un leite feito aquí por xente de aquí.




XLIII FESTA DOS MAIOS

SÁBADO 3

PRAZA DO BERBÉS

A Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello celebra esta tradicional festa con actividades, música e unha representación na que inverno e primavera se enfrontan.

→ Todo o día → Gratis



Elaine May

PLAY-DOC

MÉRCORES 7 A DOMINGO 11

TUI

A XXI edición deste festival de cinema independente acolle retrospectivas dedicadas aos estadounidenses **Elaine May, Monte Hellman e Michael Roemer.**

→ Todo o día → Varios prezos



XVII FESTA DA BRINCADEIRA

VENRES 9 A DOMINGO 11 BOUZAS

Este mes tócalles aos veciños de Bouzas expulsar as tropas de Napoleón. A festa inclúe postos de artesanía e gastronomía, música e representación teatral.

→ Todo o día → Gratis



JORGE PARDO

DOMINGO 25

TEATRO SALESIANOS

Un dos músicos españois máis influentes a nivel internacional celebra medio século revolucionando a fusión entre flamenco e jazz con este concerto.

→ 19:30 h → Desde 25,00 €



MENTES PELIGROSAS

VEN 16 E SÁB 17 AUDITORIO MAR DE VIGO

A festa das gargalladas volve á nosa cidade con catro cómicos de primeiro nivel: **Álex Clavero, Leo Harlem, Xosé A. Touriñán e Eva Hache.**

→ Venres ás 19:30 h e ás 22:00 h e sábado ás 18:00 h e ás 21:00 h
→ Desde 32,00 €

FESTIVAL DE CANS

MARTES 20 A SÁBADO 24 CANS -O PORRIÑO-

O filme sobre **Castelao** *Antes de nós*, de **Ángeles Huerta**, inaugura o festival máis agroglamuroso, que este ano entrega premia ao director **Alfonso Zarauza.**

→ Todo o día → Varios prezos

NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL
PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS
MOITOS EVENTOS EN VIGO.

OS ONDO CAMIÑO

12 | 13 | 14 XUNO 2025 SANTIAGO DE COMPOSTELA MONTE DO GOZO

CONCERTOS DO
XACOBEO.CAL

XUNTA
DE GALICIA Xacobeo

XOVES
12
XUNO

DUKI BRYAN ADAMS FRANZ FERDINAND

MIKEL IZAL NIL MOLINER DOLLAR SELMOUNI

PAUL THIN GALICIAN ARMY

ESCAPERIO
SON
ELECTRO
BY REPSOL

BARBARA LAGO / BENWAL / DEXPHASE
INDIRA PAGANOTTO / TERESA FERREIRO / VENDEX

VENRES
13
XUNO

KINGS OF LEON BAD GYAL KASE.O

AMAIA CAROLINA DURANTE JUAN MAGÁN

SILOÉ MERINO

ESCAPERIO
SON
ELECTRO
BY REPSOL

ADIEL / ÂME (LIVE) / ANDRES CAMPO
HÉCTOR LLAMAZARES / KARRAS MARTÍNEZ / MANO LE TOUGH

SÁBADO
14
XUNO

SOLO OUT

THE PRODIGY ESTOPA AMARAL

STEVE AOKI DANI FERNÁNDEZ LA LA LOVE YOU

LIA KALI MARLENA THE RAPANTS TAÏN

ESCAPERIO
SON
ELECTRO
BY REPSOL

DENNIS CRUZ / HONEY DIJON / JAYDA G
TSHA / VIVIANA CASANOVA / YAHAIRA

ÚLTIMOS ABÓNOS E ENTRADAS DE DÍA Á VENDA SÓ EN OSONDOCAMIÑO.ES

LOCAIS RECOMENDADOS



CAFÉS



COMERCIO



CONCERTOS



COPAS



ESPECTÁCULOS



FORMACIÓN



GASTRO



PEQUERRECHOS



CORUXO



BALAÍDOS



MOS





- 1 **A CASA DE ARRIBA** *Martín Códax, 23*
- 2 **A MORADA** *Enrique Mañas, 6*
- 3 **ALBATROS** *Peirao de Transatlánticos, s/n*
- 4 **ARTESÁ** *Pi i Margall, 49*
- 5 **ÁRTIKA** *Beiramar, 113*
- 6 **ATÍPICO CIRCO** *Carrasqueira, s/n*
- 7 **CAIXA DE RITMOS** *Canellón dos Caños, 9*
- 8 **CAÑAVERAL** *Porta do Sol, 6*
- 9 **DOPPLER, SALA** *Martín Códax, 21*
- 10 **EL TRIGAL, PANADERÍA**
Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44
- 11 **FELICETTA GUALTIERI** *Alfonso XIII, 9*
- 12 **FLAMINGOS VINTAGE KILO** *Doutor Cadaval, 21*
- 13 **GALERÍA MARACA** *Doutor Cadaval, 12*
- 14 **GALERÍAS FETÉN** *Elduayen, 28*
- 15 **KENGURU** *Avenida do Rebullón, 22 - Mos*
- 16 **KIDS & US** *Xirona, 8 e Urzaiz, 108*
- 17 **LACONTENEDORA** *Eduardo Iglesias, 11*
- 18 **LA TITARIVERA** *Praza de Compostela, 17*
- 19 **LE MARCHÉ DE RACHEL** *Carral, 15*
- 20 **LIBROURO** *Eduardo Iglesias, 12*
- 21 **MAGIA EN LA MANGA** *Ferrería, 11*
- 22 **MÁIS PALÁ** *Manuel Núñez, 18*
- 23 **MAPIS** *Pizarro, 47*
- 24 **MORRIÑA SHOP** *Praza da Pedra, 5*
- 25 **MUTA** *Joaquín Loriga, 9*
- 26 **PORTO CAFÉ** *Doutor González Sierra, 4*
- 27 **PRIMAVERA, BAR** *Ronda de Don Bosco, 17*
- 28 **PURO DELIRIO** *Teófilo Llorente, 43*
- 29 **RATALOKA TATTOO** *Camelias, 22*
- 30 **REBULLÓN, SALA** *Avenida do Rebullón, 23 - Mos*
- 31 **SALA KOMINSKY** *Irmandiños, 3*
- 32 **SR. NILSSON** *Triunfo, 2*
- 33 **THE MONK PUB** *Serafín Avendaño, 12*
- 34 **VAIDHĚ** *Carral, 7*
- 35 **VITRUVIA** *Praza de Compostela, 5*
- 36 **WOODTOWN** *Camelias, 20*



Editorial Galaxia: 75 anos creando porvir para a literatura e a cultura galega

A EDITORIAL GALAXIA, alicerce fundamental da cultura e da lingua galegas, está a celebrar os seus 75 anos de vida baixo o lema «Crear porvir». Nun extenso programa conmemorativo que inclúe máis de sesenta iniciativas ao longo de 2025, destaca de xeito particular o

Premio Galaxia de Novela 75 Anos. O pasado 23 de abril, Día do Libro, anunciouse na sede da editorial, en Vigo, que este galardón, o de maior dotación económica en Galicia, con 25.000 euros brutos, recaeu en **Fernando Castro Paredes** pola súa novela *O lanzador de coitelos*. Este premio recupera o espírito do outorgado no 25.º aniversario da editorial, en 1975, que gañou **Carlos Casares** con *Xoguetes para un tempo prohibido*. Tal como sinalou **Xosé Manuel Soutullo**, director da Editorial Galaxia, aquel premio de hai cincuenta anos simbolizaba «a chegada a porto» e a apertura a un novo tempo despois dos difíciles anos da ditadura.

UN XURADO ANÓNIMO E UNHA OBRA «EXCEPCIONAL E IMPECABLE»

O xurado estivo presidido por **Dolores Vilavedra**, catedrática e conselleira da editorial, e contou con **Marcos Calveiro**, director de Edicións de Galaxia, como secretario. Completaron o equipo **Ramón Nicolás**, escritor, profesor e crítico literario; **Tensi Gesteira**, xornalista, crítica literaria e colaboradora d'*A Movidia*; e **Inma Otero**, escritora, profesora e crítica literaria. Unha decisión salientable da editorial foi manter a composición do xurado en





segredo ata o momento do veredicto para garantir a súa «liberdade de lectura e de traballo».

A novela gañadora foi eloxiada polo xurado debido á súa «elevadísima calidade literaria». Dolores Vilavedra subliñou que é un texto «escrito de forma brillante que nos atrapa nunha atmosfera desacougante». Aínda que no inicio apunta a un *thriller*, a novela «encarréirase cara a cuestións complexas» como a memoria individual e colectiva, a liberdade e a identidade nunha sociedade que exerce o control ata extremos humillantes.

O propio autor, Fernando Castro Paredes (Tapia de Casariego, Asturias, 1975), quen xa ten catro obras publicadas con Galaxia —incluída unha merecedora do Premio García Barros—, expresou estar «moi moi feliz» e sentir un «orgullo inmenso» por sumarse á nómina de gañadores deste galardón histórico, especialmente ao cumprir el os cincuenta anos o mesmo ano en que o premio conmemora o cincuenta aniversario da vitoria de Carlos Casares. O libro estará dispoñible para o público xeral a partir do 17 de xullo, cando se presentará de xeito oficial no Hotel Compostela de Santiago, un lugar elixido de modo simbólico por ser onde se celebrou a asemblea fundacional da Editorial Galaxia o 25 de xullo de 1950.

ORIXE DA EDITORIAL E ACTIVIDADES DO ANIVERSARIO

Naquela asemblea fundacional en Santiago hai 75 anos, baixo a presidencia de **Ramón Otero Pedrayo** e coa presenza de figuras como **Manuel Gómez Román**, **Francisco Fernández del Riego** e **Xaime Isla Couto**, configurouse o núcleo principal da resistencia cultural e política do galeguismo nun contexto de clandestinidade e exilio tras a guerra civil española. **Ramón Piñeiro**, que acababa de saír do cárcere, non puido asistir, pero foi unha das tres personalidades clave que orientaron a editorial desde o principio. Galaxia naceu

«comprometida coa recuperación da lingua e da cultura galegas nos tempos difíciles da ditadura». Hoxe, 75 anos despois, a Editorial Galaxia, con máis de 3.000 títulos editados, constitúe a referencia histórica da edición en lingua galega, cun catálogo que inclúe desde os clásicos ata as xeracións máis novas de autores e autoras.

O programa Crear Porvir para este 75.º aniversario é moi diverso e inclúe os Foros Grial - Galicia 2050; o Premio Galaxia de Novela 75 Anos e mais o I Premio Xosé Neira Vilas de Literatura Xuvenil; exposicións itinerantes; o documental *Galaxia 1950-2025*, dirixido por **Ana Viqueira**; a recuperación de dez títulos históricos baixo a colección denominada Biblioteca Galaxia 75; actividades e libros para a cativada; celebracións polo Ano Castelao, e un acto central o 6 de setembro no Auditorio de Galicia, en Santiago.

RETOS PARA O FUTURO

Marcos Calveiro, como director de Edicións, sinala os retos e as metas de Galaxia para o futuro. Ademais de «sobrevivir a este ano» tan intenso en actividades, o obxectivo é «seguir publicando os máis de cen títulos que publicamos cada ano». Tamén fixo fincapé en novas iniciativas como os audiolibros, especialmente audioficcións para público infantil.

Con todo este traballo, Galaxia busca combater o gran problema que asolaga a literatura en galego: a continua redución da base lectora no noso idioma. Actualmente só o 8 % dos libros que se venden nas librerías galegas son en galego, o que afecta ao alcance potencial das publicacións da editorial. Nesta problemática «inflúe moito a situación do galego no ensino, as políticas públicas, as librerías e a concepción que ten da nosa literatura gran parte do lectorado». A pesar deste contexto complexo, Calveiro cre que a nivel creativo é un momento moi bo, coa «incorporación de novas voces á literatura galega, sobre todo voces de mulleres novas».

ORGULLO BRAVO

Hai uns anos, **Rebeca Domínguez** comezou a publicar en redes sociais as súas creacións en forma de ilustracións persoais e viñetas con frases e retrans en galego. Ao pouco tempo, os seguidores comezaron a pedirlle camisetas e outros produtos con esas ilustracións e viñetas, así que Rebeca decidiu botarse á auga, dar resposta a esas peticións e crear a marca téxtil **SON UN TOXO**.

Así naceu este proxecto, que, coa axuda da xente, foi crescendo: quen compraba a camiseta compartía tamén como lle quedaba e, dese modo, os seguidores foron subindo e a demanda de produtos foi medrando. No ano 2022 Rebeca lanzou, en colaboración con ClickAge (axencia de márketing na que traballaba) a web sonuntoxo.com, a través da cal vende directamente todos os seus produtos. Desde o inicio, o lema de Son un toxo é: «Sentimos amor pola nosa lingua, falámola e vestímola», co obxectivo de transformar o orgullo de pertencer á nosa cultura, de promover a nosa lingua e de facer que estea presente na xente, nas rúas e nos comercios a través de camisetas, suadoiros,

bolsas, cuncas, tarxetas, chaveiros, cadernos, fundas para teléfono, termos, gorros...

Agora que o verán xa está tan preto, nós optamos por una colección que arrasa: «Verbená», perfecta para as persoas máis atrevidas, chea de cores rechamantes, e tamén ideal para as máis trouleiras. Se non temos o corpo para moita festa e somos máis de natureza, recomendamos a colección «Somos de Norte», ideal para os amantes da costa, ou «Un solpor en Galicia», para gozar da fin do día en boa compañía. Por suposto, a clásica camiseta ou suadoiro «Son un toxo» é un *must* no armario dos máis bravos.



→ sonuntoxo.com → @sonuntoxoemais

Xerais coas voces das nosas letras


XERAIS
xerais@xerais.gal • www.xerais.gal



Finalista do Premio Xerais de Novela



17 MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS CANTAREIRAS



**QUE SOE
À NOSA
LINGUA!**



XUNTA
DE GALICIA

Grazas Adolfina, Rosa, Eva e As Pandeireteiras de Mens,
porque sen vós, hoxe non seríamos nós.



CONQUISTAR A ÍTACA PERSOAL

A historia de Penélope segue a tecerse e a destecerse hoxe en día. Hai moitas mulleres que aínda viven atrapadas en situacións e relacións non desexadas. **María Besteiros** toma como base o mito para construír o relato do dó perinatal e de como a familia da protagonista de *Ítaca*, que xa facía auga nunha relación tóxica, se esboroa. O libro está contado dun xeito moi lírico e á vez realista, o que o converte nun testemuño único e nunha revisión moi acaída da historia desa Penélope na actualidade.

→ *Ítaca* → María Besteiros → Xerais → 144 páxinas



LEMBRAR O CONFINAMENTO

Ana Moreiras ten unha ollada inocente e ao tempo afiada do mundo que habita. É quizais por iso polo que os seus libros ilustrados son tan reais e emotivos. Despois de *Madialeva* e *Xaora*, regresa agora con *A pausa. Diario do confinamento*, no que atopamos retallos debuxados do que foron aqueles primeiros días e semanas do «alarmarzo» e de como os viviron ela, os seus familiares e achegados e mais os veciños de Lira, onde pasou o confinamento. É un libro para lembrar o importante, pero, sobre todo, para reivindicar o que queremos ser.

→ *A pausa. Diario do confinamento (2020-2025)* → Ana Moreiras → Aira → 104 páxinas



LUZ FANDIÑO, UNHA MULLER INESQUECIBLE

O pasado ano deixounos **Luz Fandiño**, despois dunha vida de loita e de superación. Para a veciñanza de Compostela, a súa man erguida e as camisolas reivindicativas eran unha imaxe habitual nas rúas e manifestacións. **Antom Santos** quixo recuperar a súa historia no libro *A História da Luz*, no que se recolle unha breve biografía e unha conversa de hai anos coa propia Fandiño. Ademais, recóllense fotos inéditas e outros documentos importantes desta muller inesquecible.

→ *A História da Luz: breve biografía política e conversa con Luz Fandiño* → Antom Santos → Companhia Editora → 116 páxinas



#PuroDeleite



a Movidiña

CAMPAMENTOS DE VERÁN

As vacacións escolares complican a conciliación familiar e os campamentos convértese nos mellores aliados da familia para ocupar o tempo da cativada mentres estamos no traballo. Sen saírmolos da cidade temos cantidade de opcións. A mellor escolla é aquela que encaixe cos gustos dos nosos pequenos e se adapte ás nosas dinámicas familiares. Aquí vai un quinteto de opcións para un verán campante!

CIUDAD AVENTURA

Ofrecen cada semana unha temática diferente na que se propoñen obradoiros de reciclaxe, arte, cociña, experimentos, concursos e mesmo festas.

- Datos: 23 de xuño ata o inicio das clases.
- Horario: 9:00 h a 14:00 h (opción de madrugadores e comedor).
- Idade: 3 a 10 anos.
- Prezo: A consultar en ciudadaventuravigo.es.
- Enderezo: Teixugueiras, 19 e Centro Comercial Camelias.

FUNDACIÓN SALES

A cativada que participe neste campamento trata un tema diferente cada día: fauna, flora, medio ambiente, xincanas, xogos cooperativos... Os grupos organizanse en función da idade, pero todos se adentran na natureza deste espectacular xardín botánico.

- Datos: 23 de xuño a 5 de setembro.
- Horario: 9:30 h a 14:00 h.
- Idade: A partir dos 4 anos.
- Prezo: 93,00 € semanais (84,00 € para os amigos da fundación).
- Enderezo: Avenida de Europa, 52.

CAIXIÑA DE RITMOS

Campus no que se combinan os bailes urbanos como o *hip-hop*, *house*, *breaking* ou *poping* co baile *jazz* orixinal. Ofrécense tamén actividades complementarias de artes plásticas centradas na reciclaxe.

- Datos: 30 de xuño a 1 de agosto.
- Horario: 9:00 h a 14:00 h.
- Idade: 6 a 11 anos.
- Prezo: 119,00 € por semana (descontos ao contratar varias semanas e por irmáns).
- Enderezo: Canellón dos Caños, 9.

IMAXINATEA ESCOLA DE TEATRO

A través do xogo, a expresión corporal e técnicas de improvisación, a rapazada descubrirá a súa capacidade creativa, fortalecerá a autoestima e mellorará a comunicación en grupo.

- Datos: 30 de xuño a 11 de xullo.
- Horario: 10:30 h a 13:00 h.
- Idade: 6 a 14 anos.
- Prezo: 135,00 € unha semana / 216,00 € dúas semanas.
- Enderezo: Praza Francisco Fernández del Riego.



Escanea o código QR para acceder á reportaxe completa en amovida.gal





axenda



ATÍPICO CIRCO

Un espazo de diversión e aprendizaxe para poñer a proba as habilidades de cadaquén con exercicios de acrobacia, equilibrio e malabares.

- * Sábados 10 e 31, ás 10:30 h no CEIP da Carrasqueira. Baby Circus en familia. 15,00 € (familia).
- * Sábados 10 e 31, ás 12:00 h no CEIP da Carrasqueira. Circo en familia. 25,00 € (un adulto e un neno).



MAGIA EN LA MANGA

- * Sábado 10 ás 18:00 h. *Todos somos niños*, con Xulio Merino. 8,00 €. A partir dos 6 anos.
- * Domingos 11 e 25, ás 12:00 h. Taller de iniciación á maxia. 8,00 €. A partir dos 6 anos.



MAPIS

- * Sábado 10 ás 11:00 h. Taller sensorial: viaxe ao fondo do mar. 12,00 €.
- * Venres 23 ás 17:00 h. Taller sensorial: un día na granxa. 12,00 €.
- * Sábado 31 ás 11:00 h. Taller sensorial: explorando o papel. 10,00 €.



CIUDAD AVENTURA

- * Domingo 11 ás 10:00 h. Círculo de bordadoras. 15,00 € (un adulto e un neno). Rúa das Teixugueiras, 19.
- * Sábado 24 ás 12:00 h. Obradoiro de acetato máxico. 15,00 €. Centro Comercial Camelias.

OBRAIROIRO LETRAS GALEGAS

Decoración de pandeiretas artesanais de diferentes materiais.

- Venres 16 ás 18:00 h
- Centro ArteSá
- 8,00 €





MIÚDO FEST

Un ano máis, a sala de Mos celebra o Día das Letras Galegas cunha xornada familiar de música na nosa lingua. A festa arranca o sábado ás 17:00 h coa banda **Interstelares**, continúa con **Paco Nogueiras** e remata con **Collón de Lola**. Ao día seguinte, concerto para bebés con **Pitimíní**.

- Sábado 17 ás 17:00 h
- Sala Rebullón
- Gratis



Paco Nogueiras



Pitimíní

PUM PUM, QUEN HAÍ?

A través desta divertida historia, **Ártika Cía** axuda a descubrir con moito humor que, cando non todo é o que parece, a vida pode dar nunha aventura marabillosa.

- Sábado 17 e domingo 18, ás 18:00 h
- Sala Ártika
- 10,00 €
- A partir dos 4 anos

A HORA DOS CONTOS



Silvia Penide achega á rapazada a importancia de respectar a diversidade a través do conto *Diferentes diferenzas*.

- Venres 23 ás 18:00 h
- Biblioteca Xosé Neira Vilas
- Gratis
- A partir dos 10 anos

THE SNAIL AN THE WHALE

Contacontos en inglés sobre a diversidade e a inclusión que remata cunha pequena actividade manual relacionada coas emocións.

- Sábado 31 ás 12:00 h
- Biblioteca Juan Compañel
- Gratis
- A partir dos 4 anos



**A CASA DE ARRIBA**

Rúa de Martín Códax, 23

Xoves 1 → 21:30 h → 6,00 € → **Jam in Blue**
 Venres 2 → 21:30 h → 5,00 € → **Époje Tatum**
 Domingo 4 → 20:00 h → 8,00 € → **Garfo**
 Martes 6 → 21:30 h → 6,00 € → **Juan Guerrero Trío + Jam session**
 Sábado 10 → 21:30 h → 12,00 € → **César de Centi**
 Martes 13 → 21:30 h → 6,00 € → **Rosomarino Trío + Jam session**
 Xoves 15 → 21:30 h → 6,00 € → **Jam in Blue**
 Venres 16 → 21:30 h → 8,00 € → **Exeria**
 Sábado 17 → 22:00 h → 8,00 € → **Los Eternos**
 Martes 20 → 21:30 h → 6,00 € → **Pablo Seoane Trío + Jam session**
 Xoves 22 → 21:30 h → 8,00 € → **Victor Renaudeau**
 Venres 23 → 21:30 h → 10,00 € → **El Cuarto de Tula**
 Sábado 24 → 21:30 h → **Pablo Vila**
 Mércores 28 → 21:30 h → 6,00 € → **Manuel Cebrián Trío + Jam session**
 Sábado 31 → 21:30 h → **Nicolás Pastoriza**

DOPPLER

Rúa de Martín Códax, 21

Venres 16 → 24:00 h → **Lil Mess**

KOMINSKY

Rúa dos Irmandiños, 3

Xoves 8 → **Fritanga Sessions**
 Venres 9 → **Varietés**
 Sábado 10 → **Rub a Dub Ital Roots**
 Xoves 15 → **Espectáculo de maxia**
 Sábado 17 → **Paco Moreno**
 Xoves 22 → **Them Flying Monkeys**
 Sábado 24 → **Raposa**
 Venres 30 → **Joseba Irazoki**
 Sábado 31 → **Susto que Flipas**

REBULLÓN

Avenida do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

Venres 2 → 20:30 h → 18,00 € / 23,00 € → **Vio-Lence + Blast Open**
 Sábado 3 → 20:30 h → Caixa inversa → **Napalm Fest**
 Sábado 10 → 13:00 h → **VIII Aniversario Sala Rebullón: Leria, Zavala, Jay & The Smoking Machines e Ruxe Ruxe**
 Venres 16 → 22:00 h → 10,00 € / 12,00 € → **Desert Smoke + Mascada**
 Domingo 25 → 19:00 h → 12,00 € / 14,00 € → **Xosé Liz**
 Sábado 31 → 19:00 h → Caixa inversa → **Sanguijuelas del Guadiana**

THE MONK PUB

Rúa de Serafin Avendaño, 12

Xoves 8 → 21:30 h → Billeiteira inversa → **The Black Fingers + Sesión folk**
 Xoves 15 → 21:30 h → Billeiteira inversa → **Skivrilisband + Sesión folk**
 Xoves 29 → 21:30 h → Billeiteira inversa → **Lowtiders**
 Sábado 31 → 21:30 h → Billeiteira inversa → **Galkan + Sesión folk**

VITRUIA

Praza de Compostela, 5

Xoves 1 → 20:30 h → 14,00 € / 7,00 € → **Steve Brown & Atlantic Bridge Trio**
 Xoves 15 → 20:30 h → 14,00 € / 7,00 € → **Abe Rábade & Rale Micic**
 Xoves 22 → 20:30 h → 14,00 € / 7,00 € → **Laura Zapatero**

**NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL
 PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS
 MOITOS CONCERTOS EN VIGO.**



nh0od
NEW LIVING
MOROCCO

 vialia
ESTACIÓN DE VIGO

**ENCUENTRA TUS MARCAS
FAVORITAS AQUÍ**



MANGO

verdecora
Está en nuestra naturaleza

MeUFIT



Alcampo

 **DECATHLON**

H&M

fnac
TEJADA FNAC / FNACLES

cine yelmo
PREMIUM



MERCADO RECICLADO



No mes da reciclaxe volve este evento que combina a música e os obradoiros cun mercado de arte local e de prendas de segunda man e *vintage*.

- Sábado 3 e domingo 4 de 12:00 h a 20:00 h
- Caixa de Ritmos
- Gratis

CLUEDO DEL CIRCO DE LOS HORRORES



Cada persoa participante encarna un personaxe e entre todas deben adiviñar quen é o asasino. Emoción e delirio están asegurados, unha vez máis, no restaurante vigués.

- Mércores 7, 14, 21 e 28 ás 21:00 h
- Puro Delirio
- 15,00 € (xogo, bebida e petiscada)



AS VELLAS SI DEBEN DE NAMORARSE



O xoves 8 inaugúrase esta exposición de acuarelas de Emma Romero na que homenaxea a todas aquelas mulleres que con cada acción cotiá reclaman o seu dereito a ser e pertencer.

- Desde o xoves 8 ata o sábado 31
- A Morada
- Gratis

VOY A MATARTE ESTA NOCHE: LA RUIDOSA Y ACELERADA HISTORIA DE KILLER BARBIES



Presentación do libro de Luis León Luri coa presenza do autor e os compoñentes da banda.

- Xoves 15 ás 19:30 h
- Galería Maraca
- Gratis



MERCADO DA ARTE



Décima edición deste mercado no que máis de sesenta artistas e artesáns dan a coñecer o seu traballo nun ambiente festivo que combina música, proxeccións e actividades para o público miúdo.

- Sábado 17 de 11:00 h a 20:00 h
- Mercado do Calvario
- Gratis

OS ESCUROS VERSOS DE CLÍO



En MUTACIÓNS #6 a poeta e *performer* viguesa Silvia Penas presenta unha intervención escénica inspirada na obra de Carlos Casares. O evento remata compartindo petiscos e viño nun ambiente distendido.

- Xoves 22 ás 20:00 h
- Espazo MUTA
- 15,00 €



ROMARÍA LINDY QUEER CON CRIS E LETI



Espazo aberto a todos os públicos no que aprender, compartir e gozar. Obradoiros de *lindy hop*, charlas, conversas e comida popular son as principais actividades.

- Sábado 24
- Caixa de Ritmos
- Caixa inversa

EL ARTE NOS CURA



Hugo RG fala sobre a arte como elemento terapéutico no marco da exposición que durante todo o mes podemos ver no local de Pi i Margall.

- Venres 30 ás 19:00 h
- Centro Artesá
- Caixa inversa



ACOUGO



MARILA SUÁREZ

@msamarelo

Universidade de Vigo

Participa! Envía a túa obra (fotografía, ilustración, poema, relato, viñeta etc.) a revista@amovida.gal
Consulta as bases en amovida.gal/as-tuas-movidas



ENCORDASS

FIDDLE FEST

Festival internacional de música de corda e violín popular

26-29 de xuño de 2025

Edición especial

GRECIA



Ría de Vigo

Illa de San Simón

